



ANDAINA SOLIDARIA

“DO CASTELO ÓS TRES RÍOS”

1) “Do Castelo ós tres ríos”, é unha andaina non competitiva organizada polo Concello de A Peroxa a favor de AODEM (Asociación Ourenzana de Esclerosis Múltiple, ELA, Parkinson y otras enfermedades neurodegenerativas).

2) Celebrárase por terras do Concello de A Peroxa o domingo 24 de abril.

3) A andaina partirá da plaza do Concello de A Peroxa ás 9:45h. Tendo os participantes que retirar os seus dorsais mediante presentación do xustificante de ingreso 40 minutos antes da saída.

4) A distancia de percorrido é de 10 kms aproximadamente, saíndo da Peroxa e chegando ata Os Peares, pasando pola zona do Castelo de A Peroxa, Pousada e Gulfariz.

5) A participación queda establecida en 500 persoas como máximo (maiores de 18 anos ou menores de 18 anos acompañados dun responsable).

6) As follas de inscrición poderanse descargar na web: <http://www.aperoxa.es> e no Facebook: <https://www.facebook.com/aperoxa>, remitíndose cubertas xunto co xustificante de ingreso da cota ó fax: 988206619, ou o correo electrónico: andainasolidariaperoxa@gmail.com

7) A cota de inscrición fíxase en 5 € por participante (poderanse facer aportacións aínda que non se participe na andaina, indicando o concepto: fila cero).

8) O ingreso das cotas deberase facer na conta de AODEM: ES77 2100 2767 0402 0001 0445 (La Caixa) ata o día 22, poñendo como beneficiario: AODEM, concepto: ANDAINA SOLIDARIA, e no caso de ingresos conxuntos, indicar o nº de participantes e o nome e apelidos dun responsable. Cada un dos participantes debe cubrir a súa folla de inscrición de xeito individual igualmente.

Para evitar o cobro de comisións por parte da entidade bancaria recomendase o ingreso por caixeiro, por transferencia ou o propio día en metálico, xa que en ventanilla cobran comisión as persoas que non sexan clientes de La Caixa.



ANDAINA SOLIDARIA

“DO CASTELO ÓS TRES RÍOS”

9) O mesmo día da proba admitiranse inscricións sempre que non estea cuberto o número de participantes establecido.

10) A dificultade da andaina califícase como media.

11) Quedarán establecidos puntos de avituallamento de líquido e froita en distintos puntos do recorrido

12) Todo participante que decida retirarse antes do remate da andaina, deberá comunicarllo á organización (ben directamente a algún membro da mesma, ou por sms/whatsapp ao teléfono 649693642), indicando o dorsal que lle deron ó inicio da proba).

13) A andaina considerarase rematada cando cheguen ao punto estipulado, situado en Os Peares, as persoas da organización que veñen pechando o tramo.

14) Ó remate da proba os participantes disporán de autobús gratuito para os seu traslado dende Os Peares ata A Peroxa e unha vez alí disporán de duchas no polideportivo.

15) Como remate final haberá un sorteo entre os participantes de dúas estancias máis almuerzo, para dúas persoas nos establecementos de turismo rural: Acea do Bubal e Pazo de Turbisquedo, deste concello, e que as poderán disfrutar ata o 30 de xuño.

16) A organización reservase o dereito a cancelación ou aplazamento da proba en caso de baixa participación, inclemencias meteorolóxicas moi adversas ou por calquera outro motivo, colgando o aviso uns días antes na páxina web ou no Facebook do concello.

17) A participación na andaina “Do Castelo ós tres ríos” conleva a aceptación da bases da mesma.